

## OS DERRADEIROS DIAS DO MOSTEIRO DE CELANOVA<sup>1</sup>

RAMÓN OTERO PEDRAYO

Chega á Casa de San Rosendo, seu fogar monástico e escolleita sepultura, raiolante e ordeada en seus tempos canónicos deica a Desamortización, anos de 1838 e 1839. Apenas, apesares de fortes perdas e sufrimentos, a guerra da Independencia, na Galiza desenvolta e rematada en poucos meses do 1809, e o ensaio desamortizador do triennio liberal, 1820 a 23, crebaron os ritmos internos do mosteiro e seu feitío exterior solemne, armoñoso, equilibrado. Foi como o poente dun longo día de vran. Por algo a ordre Bieita ten por símbolo o sol.

En 70.576 réas de vellón se estima a contribución imposta polos franceses invasores, no 1809. Ruben de 163 mil maravedís os donativos feitos ó exército español. Como todas as podentes casas monásticas equivalentes nista relación e noutras a fortes maorazgos, o mosteiro celanovense sufría do vello cancro dos pleitos de moitos anos. Debía axudar a mosteiros probes -o burgalés de antiga sona de S. Pedro de Cardeña donaba 6 mil réas- e satisfaguer adiantos e contribucións de guerra. Andan as cifras das segundas por 40 mil réas, e por 30600 a porción do mosteiro no cupo de un millón adiantado ó Rey en 1814 polo Clero Regular e Secular do Bispado de Ourense. No olvidemos un ringlón, moi gostoso ós monxes: o adicado -22.000 réas-

---

<sup>1</sup> N.R. Este texto fue presentado por su autor al congreso sobre *Sao Rosendo e o seu século*, celebrado en Santo Tirso en 1970, aunque el nombre del ilustre gallego no figuró nunca en los programas del mismo. Sin embargo, el artículo, al que acompaña otro de mayor extensión que se editará en otro lugar, se encontraba entre los numerosos trabajos que se iban a publicar en las actas del congreso que, por desgracia y probablemente por problemas económicos, nunca vieron la luz. Me ha parecido oportuno editarlo aquí como complemento del proyecto de investigación *Documento e inscrición*, que dirijo financiado por la DGICYT (PB93-0489). Agradezco cordialmente a los profesores Fernando R. Tato Plaza y Ana Isabel Boullón Agrelo (Departamento de Filoloxía Galega. Universidade de Santiago de Compostela) sus consejos y su eficaz auxilio en la revisión y corrección de la rica y profunda lengua gallega empleada por don Ramón Otero Pedrayo (Carlos Sáez).

ó sostén do magno Colexio da Ordre, o tituado de S. Vicente de Salamanca, arroinado como tantos graves e fermosos moimentos da cidade do Tormes nos bombardeos da guerra da Independenza. Decíase en gabanza súa contándoo entre as excelencias da cidade: «Media plaza, media puente, y medio claustro de San Vicente».

Como proba e memoria do vivir do mosteiro adicamos un pasaxe á consagración do abade de Celanova e Xeneral da Congregación beneditina de España e Inglaterra, Don Frei Benito Uría y Valdés, como bispo de Ciudad Rodrigo no despedire do século XVIII. Foi consagrante o arcebispo de Compostela, asistiron as sumas autoridades galegas e moita fidalguía. Era medoña a cuestión de protocolo -entón as etiquetas consumían grandes enerxías- pra o bispo de Ourense, por sere o abade de Celanova arceidiago na súa catedral e coro e ser Celanova da diócesis inda soio admitindo os monxes con reluctancia a visita do seu ordinario. Mais iste era o Sr. Quevedo, fino cabaleiro que parou en casa de amigo fuxindo do etiqueteiro banquete.

Apenas sandadas as chagas de guerra extranxeira, o 1811, o mosteiro adicoulle exequias solenes. Copiamos o tídoo do sermón. Xa vai espedindo un estilo de vida e un estilo de morte: «Oración Fúnebre-Histórico-Moral, que el Monasterio de San Salvador de Celanova, consagra a la buena memoria de su Hijo benemérito el Ilustrísimo Señor Dn. Fray Benito Uría y Valdés, Obispo que fue de Ciudad Rodrigo. Pronuncióla en el día que se celebraron sus exequias el R. P. Fr. Miguel Rodríguez Gayoso, Predicador de la Religión de San Benito é Hijo del mismo monasterio». Foi impresa o mesmo ano 11 en Santiago por J. F. Montero.

Os danos da tromenta e primeira excaustración do período liberal do 1820 e 22 foron na aparencia esquencidos pola restauración do 23 pola dilixencia do mordomo P. Aniceto Pastor. Mais a podente e raiolante instución non podía encobrire a fenda mortal. Estaba ferida a aguia de maestoso voar. O P. Froilán Cid arrendou os froitos, do ano 23 en 45 mil reás, dixo que pola conservación da casa. A cifra, si nos trasportamos ó clima económico de entón, sinala a fartura das rendas e prodoitos. Os derradeiros foron Fr. Vicente Valcárcel, nomeado o 25 de San Xoán do 1824, e despois de il o P. Fernández Victorero. No 1832 foi nomeado o que lle tocou ser o derradeiro, Fray Bonifacio Ruiz. O 33 celebrouse a última visita do P. Provincial. ¿Decatábanse de se movere, monxes e leigos, comprindo súas horas e deberes nun ambiente anguriado de despedida?

Coidamos que si. O abate Fray Bonifacio Ruiz, varón prudente e douto, soupo comprire, xa eiscaustrado, a tarefa de crasificare e catalogare pra a Nación os tesouros artísticos e a librería do grande mosteiro. Anos despois de excaustración, a Comisión provincial de Monumentos o 8 de agosto do 1844 sinalou ó P. Bonifacio Ruiz pra catalogar a riqueza artística e de librerías aproveitabre de tódolos mosteiros e conventos da provincia. Foi merecente da gabanza dos eruditos e estudiosos. Como escribe o Sr. Fernández Alonso («El Pontificado Gallego. Crónica de los Obispos de Orense». Orense 1897): «El Sr. Ruiz, reunía conocimientos vastísimos, así filosóficos

y teolóxicos como literarios y artísticos y lo primero que determinó «fué» la formación de catálogos e inventarios de libros, papeles, cuadros, alhajas y todo lo digno de ser recogido y conservado ...»

Non nos deteremos na sorte tristeira do Museo e da Biblioteca enteirados. A dos cuadros pódese seguire no folleto de Dn. Juan Fernández Pérez «Riqueza artística desaparecida». Orense. Impr. La Popular, 1914. A fermosa Biblioteca moi dinamente instalada no mañífico «Centro Provincial de Instrucción» foi comesta case deica a derradeira folla, como un palleiro, a noite do 8 do Nadal do 1927 ...

Moi de presa se compriron, no tocantes ó farto patrimonio en terras e foros do mosteiro de Celanova, os degretos desamortizadores do 1838 e 39. Había fame das celmosas hortas, os ricos cercados, as farturentas nabeiras, as carballeiras fondales, os limpos ferrados e tegas a centos e outras regalías forales. O mosteiro contaba cos prioiratos de Sta. Baya de Berredo, Encomuñña e Paizás, Bande, Refoxos, Montes, Arnoya, Louredo, Sta. Comba de Naves, S. Pedro das Rocas, Mosteiro de Ribeira, Atanes, Pazos de Verín ... Ben logo as oficinas de «Arbitrios de Amortización» venderon os bos bens onde as raíces do mosteiro zugaban facía perto dun milenio: o «Gran Cercado» foi en 400 mil réas (enteirábase de labramios, lameiros, pasteiro, carballeira), a «Horta da Verdura» en 70.000, o «Xardín do P. Feixó» en 1.060, a «Casa Forno» en 6.000, a do «Matadeiro» en 1.600. Na capital da provincia, na freguesía da Trinidad, perto da antiga Rúa do Penso tiña Celanova un grande inmueble, chamado xeneralmente «Casa de la Orden». Vendeuse en 100.000. Ás veces temos pensado o porqué do tídoo de «Xardín do P. Feixó» cando o mestre bieito non profesou en Celanova. Poido ser por respecto ó nome ilustre e de familia nos tempos orixinarios case do mosteiro moi avencellada ó mosteiro. Cando se faga unha verdadeira historia do mosteiro xurdirá unha época inteira caracterizada polos inxerimentos da podente e despois amingoadada feudalidade da familia do escudo da limpa espada entre «feixoes».

Ficaron valeiros os grandes, fondos, e coantes edificios. Aquila impresión de soedá, misturada con medo, con lediza, con vagoento respecto, dos mosteiros desertos foi moito máis do que un tema literario. Houbo en toda España unha cheamar de obxetos de arte, de libros aínda soio como «obxetos» mañíficos, de pedras labradas, de ferros. Moito foi estrozado en Celanova pola longa ocupación militar ó largo da guerra civil dos «Sete Anos». En craustros e celdas se acoartelou o famoso Reximento Provincial de Monterrey. A il é debido en grande medida o trunfo do Liberalismo nas terras montesías ourensáns. Expulsados os frades, unha forte opinión seguía agardando a súa volta. Remanecía do trunfo ou da derrota do Partido Absolutista.

Apesares de moitos plans de conservación e reforma e do establecemento dun Colexio moi sonado das Escolas Pías, onde foron educados moi bos espitos galegos, o xenio do San Rosendo soio na lembranza preside seu bon terraxe celanovense. Non queremos entrar no problema de si o mosteiro se inxerta de verdade nas vivencias da

vila de que foi nai e tirana. O grande poeta Curros Enríquez, nado o pé do mosteiro apenas un ducia de anos despois da excaustración, deixou no poema «A Igrexa Fría» testemuña do esdén e noxo das roínas monásticas, símbolos de tréboa e despotismo pra a maior parte das novas xeneracións e non poucas xentes da vella. Pro o fino senso galego e leendario do poeta non podía esquecer a poesía e simbólica dos craustros abandonados e saquexados. Nas alboradas de súa nenez non tiñan perdido o acento bieito as badeladas do mosteiro. Rematamos estas lembranzas con dous pasaxes dun artigo do poeta de «Aires da miña terra» publicado na rev. «Galicia Diplomática» no 1884.

Evoca as campás: «... aquelas campanas que tanto hemos amado nosotros, aquellas campanas que sólo tocaban al alba y cuyos dulces sonos constituyeron toda la alegría de nuestra infancia ...» Pensa en tanta beleza destruída: «... quimeras y gorgonas faltas de los tubos vocales por donde arrojaban en torrentes con rumor que convidaba al sueño y al estudio en las tardes invernales las aguas llovedizas ... fustes truncados, volutas rotas, cresterías interrumpidas por largos desmoronamientos, balconajes hundidos y en cada sillar inscripciones como ésta: ¡Biva el porbincial de Monterrey! ... escritas con tinta en cuya composición parecen haber entrado el cieno, el vino y la pólvora ...»

Ramón Otero Pedrayo